



Itinerario: Pántaras- Allonca- Pántaras.

Tipo: Circular.

Dificultade: Media baixa.

Distancia: 11 Km.



Teléfonos de interese:

Concello: 982 34 00 00

Centro de Saúde: 982 35 00 05

Protección Civil: 982 35 00 22

Garda Civil: 982 34 00 04



ORGANIZA:

CONCELLO DA FONSGRADA

CAMIÑA CON NÓS

MANUEL LÓPEZ MONTESEIRÍN NACEU EN ALLONQUIÑA. OS 13 ANOS PARTICIPA NUNHA EXPOSICIÓN COLECTIVA. EN DONDE OBTEN O PRIMEIRO PREMIO, E DADA A MAIOR IDADE DO RESTO DOS CONCURSANTES, CAUSA UNHA GRANDE IMPRESIÓN. A DIPUTACIÓN DE LUGO CONCEDELE UNHA BECA PARA ESTUDIAR NA ESCOLA DE BELLAS ARTES DE SAN FERNANDO DE MADRID. PARTICIPA NA EXPOSICIÓN DE BELLAS ARTES DE 1954. A PESAR DE SER UN PINTOR DESCONECIDO, A CRÍTICA OCÚPASE DE EL CON ELOXIOSOS COMENTARIOS. NON OBSTANTE É TAL A SÚA DECEPCIÓN O CONTEMPLAR O PANORAMA ARTÍSTICO DE AQUEL MOMENTO QUE DECIDE NON PRESENTARSE MAIS A CERTAMES OFICIAIS. LOGRA ABRIRSE PASO COA PINTURA DE ABSTRACTOS E FACENDO ALGUNHAS EXPOSICIONS INDIVIDUAIS. NA ACTUALIDADE COMPARTE A ACTIVIDADE PICTÓRICA COA MUSICAL.

BENXAMÍN ÁLVAREZ (PÁNTARAS 1957) É UN ARTISTA QUE VIVE E TRABALLA EN BARCELONA DENDE 1980. VEN EXPOÑENDO DUNDE FAI TEMPO EN DIFERENTES GALERÍAS E CENTROS DE ARTE. "A SÚA OBRA É DIVERSA E DE DIFÍCIL CLASIFICACIÓN, FORZA OS LÍMITES ENTRE AS DIVERSAS DISCIPLINAS E XÉNEROS ARTÍSTICOS. A PESAR DA APARIENCIA DE CADROS, ROMPENDO O FORMATO E O COCEPTO CONVENCIONAL DE PINTURA SITUÁNDOSE PRETO DA ESCULTURA OU DA INSTALACIÓN. CARACTERÍZASE POLA SÚA ROTUNDIDADE VISUAL E CONCEPTUAL, EXPLORANDO AS POSIBILIDADES DOS MATERIAIS: FERRO, PLÁSTICOS, MADEIRAS, CERAS, MATERIAIS DE REFUGALLO E OBTETOS COTIDIANOS"...

RUTA DOS PINTORES

Sáimos de A Fonsagrada pola estrada LU-701, desviándonos no km 6 en dirección a Allonca. Pasados uns 6 km nesta dirección, encontramos o pobo de Pántaras onde deixaremos o coche, para iniciar a nosa ruta.

Os primeiros pasos son por pista asfaltada, ata chegar o desvío de O Relairo, onde collemos a pista de terra que pasa por diante da casa, e que pouco a pouco se interna nun bosque cada vez máis frondoso.

Cruzamos o río Allonca pola ponte de madeira, inmersa nunha zona boscosa, onde amieiros, castiñeiros e carballos protexen o camiñante que se perde baixo as súas copas.

Seguimos o sendeiro que transcorre paralelo ao mesmo e que, nos levará á bonita igrexa de Allonca, na que hoxe en día non se celebra culto, pero que aínda conserva todo o seu encanto. No cemiterio en fronte a capela hai un panteón cos restos do antigo alcalde fonsagrado, José Díaz Niño Ladrón de Guevara, morto en 1920.



Xunto a igrexa de Santa María de Allonca, atópase unha

interesante fonte (actualmente sen auga) na que se pode ver un túnel de case 30m de longo.



Continuamos o camiño atravesando un frondoso e centenario castañeiral salpicado de curripas (construcións circulares de pedra para gardar castañas), ata chegar o escondido Muíño de Allonquiña. Neste punto e antes de iniciar o camiño de volta, debemos pararnos e tomar alento e desfrutar do río Allonca e do ecosistema que o rodea, caracterizado por bosque de ribeira no que se bañan as raíces de amieiros e freixos.

Camiñando sobre os nosos pasos collemos dirección a Allonquiña, pobo natal do noso internacional pintor Manuel López Monteseirín.



Atopamos neste punto, unhas interesantes mostras de arquitectura popular, así como unha antiga escola, o que demostra a importancia que tivo este lugar no seu día.

Deixando atrás o pobo de Allonquiña, imos camiño da casa grande de Allonca.



Camiño de Pántaras pararemos no palomar da propiedade, unha mostra arquitectónica moi interesante. Dende este punto o camiño é ascendente ata chegar o pobo de Pántaras, lugar de nacemento do artista Benxamín Álvarez.

O sendeiro final da ruta transcorre por un gran souto, e baixo as sombras das súas árbores chegaremos o final da ruta.